

**Entrevista coa
poeta e xornalista
portuguesa Filipa Leal**

**Propostas
para un verán
con libros**

Biblos

CLUBE DE LECTORES



CARTA AOS LECTORES

Interpretar o mundo desde nós

Hai xa catro anos que na xornada festiva do 15 de agosto inauguramos en Betanzos a Librería Biblos coma un novo medio de nos achegar a toda a xente que goza cos libros, que os quere ou os necesita desde moi diversas perspectivas. Fixémolo tamén coa esperanza de poder amosar toda a produción variada e de moi notable calidade da industria editorial galega á par da do resto do mercado.

Agardabamos que fose un lugar de encontro non só cos nosos socios, senón tamén de visibilización dun produto cultural de primeira necesidade que no tempo transcorrido dá a impresión de que recuperou o prestixio social que daquela ameazaron as agresivas campañas comerciais que tentaron convencernos da inminente desaparición do formato libro por obsolescencia.

Chegamos satisfeitos a este aniversario por tantos e tantos creadores que nos quixeron acompañar e dar a coñecer a súa obra desde a nosa sala (escritores, músicos, artistas plásticos, actores, cineastas ...) e pola resposta que obtivemos, a que nos permitiu medrar de forma continua grazas a atender sen exclusións todas as sensibilidade de clientes e amigos. Hai sobrados exemplos en Galicia de boas librarías con futuro. Sería desexable que inzasen por todo o país sen excluír ningunha vila ata crear unha auténtica rede dende a que acceder con axilidade á cultura propia e ao mellor coñecemento do mundo –cada vez máis difícil de interpretar– no que vivimos.

Carmela González
Directora
Tucho Calvo
Director


Biblos
CLUBE DE LECTORES
Biblos Clube de Lectores, S. L.
Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña
Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039
www.biblosclube.com
email: subscritores@biblosclube.com
Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada

Xoán G. propón unha boa e refrescante lectura para pasarmos o verán sen que nos abafen as calor. Colamos un libro, de poesía por exemplo, sentémonos á sombra, ou cando menos protexidos do sol, e deixemos que as palabras invadan os nosos sentidos.



Miguel Vázquez Freire X. Ricardo Losada



Demos de verán

O policía xubilado Doroteo Acuña recibe na Coruña unhas enigmáticas postais enviadas desde Roma polo seu vello amigo e antigo xornalista Francisco Bouzón. Acuña e Bouzón forxaran a súa amizade anos antes, en pleno franquismo, mentres indagaban un escuro suceso nunha vila mariñeira da costa galega. Radia Ludescu, un profesor romanés refuxiado en España e protexido da Falanxe, o cego Luís Ruza e o falanxista Paco, que tiveran algo que ver naquel suceso, reaparecen case corenta anos despois en Roma para abrir un novo caso no que se mesturan o achado dun vello papiro, crenzas esotéricas e unha posible conxura político-relixiosa.

Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 296 páxinas
ISBN: 978-84-9121-238-6
16,62 €



Bótame deste mar fóra

Tras unha longa crise existencial, o cadrático Alberte Hevia chega a Rianxo. Escapa dunha cidade burguesa e previsible como a Coruña coa intención de cambiar a súa forma de mirar e sentir o mundo. Non tarda en namorar de Helena, unha rianxeira de fortes raíces mariñeiras, que leva unha vida aparentemente anódina, pero que lle fará vivir en primeira persoa esas experiencias que tanto lle gustaba ler nas novelas de Philip Roth ou Michel Houellebecq: hermafroditismo, violentos complexos de Edipo, incesto, mulleres fatais, fetichismo, crenzas animistas, necrofilia, intentos de asasinato, simbólicos e reais. Alberte intenta enfrontarse a ese mundo cos recursos intelectuais que dominaron a súa vida, e axiña se decata de que son estériles.

Toxosoutos Rústica
15 x 21 cm 246 páxinas
ISBN: 978-84-946837-4-9
15,20 €



Carlos Casares, un dos grandes protagonistas do último bimestre

Carlos Casares, que como figura á que se lle dedicou este ano o Día das Letras recibiu unha atención moi especial por parte de Biblos, foi portada xa no número de marzo-abril e figurou nas páxinas da revista con toda a súa obra dispoñible. Tamén na librería tivo, como é obvio, un protagonismo especial. Na xornada das Letras inauguramos a exposición «As caras dos libros» que recollía capas das súas

obras. Organizada pola Asociación Cultural Rocha Forte de Santiago, foi presentada por Carlos Delgado, un dos primeiros editores de Casares en O Cerne coas edicións que preparou Luís Mariño de *Os escuros* *soños de Clio*. E tivemos ocasión de escoitar ao artista Siro López contarnos moitas cousas sobre o seu amigo na conferencia que titulou «Con Carlos Casares. Vivencias compartidas».

Pedro Feijoo

Os fillos do lume

Poucas cousas cambian a vida dunha persoa. Presenciar un asasinato é unha delas. A Porta do Sol é unha festa. Un disparo camuflado no rebumbio, o alcalde botando a man ao peito antes de caer. Alí está o comezo dunha investigación que nos levará dous séculos atrás, perseguindo as sombras do barrio vello. Os mellores segredos sempre son os que se ocultan aí, nese lugar á vista de todos. Regresan os personaxes de *Os fillos do mar* para enfrontarse a unha das intrigas mellor protexidas na historia de Vigo: a da súa fundación.

Xerais Rústica 14,50 x 22 cm 504 páxinas
ISBN: 978-84-9121-231-7
19,95 €



Afonso Eiré

A morte do meu pai

Un mar de sentimentos, un relato persoal que se fai, ao mesmo tempo, universal nas reflexións, nas arelas e nas angustias, medo e dor, pero tamén esperanza, calma e resignación... E retrans. Referencias ao pasado: a proclamación da República, a Guerra Civil. Vida e morte mesturadas, collidas da man nun hospital. Literatura con emocións que se engolen ou atragoan e verbas que chegan ao corazón como brasas quentes e atrapan os nosos pensamentos como meigallos. Os seus efectos non esmorecen cando remata a súa lectura.

Hércules Rústica 16,5 x 24 cm 160 páxinas
ISBN: 978-84-946502-6-0
17 €



José Lorenzo Tomé

Alma.

Un sopro de aire fresco

O reencontro anual en Aosta de dous amigos, Ada e Amado, e a reveladora conversa que manteñen sobre a insólita actuación das irmás Touza, lévaos a iniciar unha viaxe a Portbou, continuada polo norte de España até Ribadavia e cruzar o Atlántico para rematar en San Francisco, California. O obxectivo é recuperar a pluma de Walter Benjamin, que chegou ás terras do Ribeiro en tempos da Segunda Guerra Mundial.

Baía Rústica 14 x 21 cm 206 páxinas
ISBN: 978-84-9995-221-5
12 €






Louisa May Alcott
Detrás da máscara
Detrás da máscara: o poder dunha muller publicouse por vez primeira en 1866 nas páxinas literarias do semanario de noticias de Boston *The Flag of Our Union*. En 1975, unha editora independente neoiorquina e experta en Alcott, Madeleine B. Stern, rescatou a obra do esquecemento e propiciou a súa relectura atenta, sobre todo por parte da crítica ligada á teoría feminista; de feito, hoxe está considerada unha das grandes obras do subxénero coñecido como «novela sensacionalista», de enorme popularidade nas décadas de 1860 e 1870 no mundo anglosaxón. A historia segue o devir de Jean Muir, muller independente de grande intelixencia que se revelará como unha peculiar *femme fatale* e nela despéganse unha serie de temas como o ascenso social e o sistema de clases e xerarquías, o finximento, os intereses ocultos, a sedución ou a forza da determinación. Traducido do inglés por Antía Veres

Hugin e Munin	Rústica	13,5 × 20 cm	174 páxinas
---------------	---------	--------------	-------------


ISBN: 978-84-946538-1-0
15 €



Juanra Madariaga
eSPedición
Para a conformación de *eSPedición. O poder dunha montaña* Juanra Madariaga, autor vasco de gran prestixio no ámbito da poesía, optou por conxugar crónica e lirismo. Publicada orixinalmente en éuscaro en 2015 esta obra entronca coa chamada literatura de montaña, difuso subxénero que linda coa literatura de viaxes e tamén coa de exploración. A narración en primeira persoa parte dunha travesía cara ao cumio do Shisha Pangma, o SP, a montaña de 8.027 metros no cordal Himalaia; consonte avanza o texto, o protagonista explica a orixe da súa paixón, relata as duras condicións que deben afrontar os aventureiros e achega multitude de referencias literarias que acompañaron ao longo da historia do montañismo a aqueles que ousaron coroar as cristas máis altas do planeta. Traducido do éuscaro por Isaac Xubín.

Hugin e Munin	Rústica	13,5 × 20 cm	220 páxinas
---------------	---------	--------------	-------------

ISBN: 978-84-946538-0-3
15,20 €




Marie Abraira
O nariz dun notario
Narra a historia de Alfred L'Ambert, un desdeñoso e fatuo notario parisiense que só se interesa por alternar na Ópera e nas festas da boa sociedade. O home vese envolto nun duelo co turco Ayvaz-Bey, secretario da embaixada otomá na capital francesa, por mor dunha bailarina pretendida por ambos os dous. O infortunio ocasiona que L'Ambert perda parte do seu nariz e que lle acontezan numerosas vicisitudes para recuperar a integridade do seu prezado rostro. O notario non dubida en mercar a pel e o tempo de Romagné, un mozo auvernés co cal vivirá non poucos desgustos e ao que verá unida a súa sorte. Edmond About ofrece nesta novela curta, publicada en 1862 con grande éxito, un acedo retrato da sociedade de mediados do século XIX, marcada pola desigualdade entre as clases populares e a burguesía. Traducido do francés por María.

Hugin e Munin	Rústica	13,5 × 20 cm	116 páxinas
---------------	---------	--------------	-------------

ISBN: 978-84-945403-9-4
8 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 10 €




Caitlin Moran (Brighton, 1975) é a maior de oito irmáns e comeza a ler libros feministas para demostrarlle cientificamente ao seu irmán Eddie que é superior a el. Aos quince anos escribe o seu primeiro libro; aos dezaseis comeza a traballar na redacción da revista *Melody Maker* e aos dezaioito convértese en columnista de *The Times*. En 2010 recibe o premio á mellor columnista do ano e, máis tarde, á mellor crítica e mellor entrevistadora. Con milleiros de seguidores nas redes sociais, Caitlin Moran é un personaxe de culto, da que incluso fixeron un boneco de Lego.



Como ser muller
Moran aborda sen tabús e cun gran sentido do humor cuestións do día a día na vida das mulleres, dende o seu punto de vista como feminista e filla dunha familia numerosa e proletaria. Entende que a muller vive o mellor momento da Historia para gozar desta condición («temos dereito ao voto e á pílula, e dende 1727 xa non nos mandan á fogueira por bruxas»), porén, aínda quedan moitas preguntas por responder. Traducido do inglés por Moisés Barcia.

Rinoceronte	Rústica	13,5 × 21 cm	344 páxinas
-------------	---------	--------------	-------------


ISBN: 978-84-92866-91-5
19 €



Teofastro
Caracteres
Datada do século IV a.C., esta obra contén un breve, vigoroso e mordaz bosquexo dos tipos morais e unha invalorable descripción da vida do momento. Un clásico totalmente actual e vivo, no que cada persoa pode sentirse identificada mentres goza dunha lectura amena. A día de hoxe aínda é unha incógnita se se trata dunha obra de moral teórica, do apéndice dun tratado sobre retórica ou comedia, ou dunha mera diversión do autor. Traducida do grego antigo por Iria Pedreira Sanjurjo.

Rinoceronte	Rústica	14,5 × 22 cm	90 páxinas
-------------	---------	--------------	------------

ISBN: 978-84-92866-90-8
14 €



Émile Zola
Thérèse Raquin
Terceira novela de Zola, a primeira que responde ás premisas do naturalismo e o seu primeiro éxito nas letras. Ao fio da intriga, explora as manobras utilizadas polos protagonistas, Thérèse e Laurent, para satisfaceren os seus desexos, a exacerbación das súas ardencias, o peso dos remorsos e as accións cada vez máis temerarias. Traducido do francés por Isabel Soto.

Hugin e Munin	Rústica	13,5 × 20 cm	272 páxinas
---------------	---------	--------------	-------------


ISBN: 978-84-945403-0-1
15 €



Ludvig Holberg
A viaxe subterránea de Niels Klim
Ludvig Holberg consentiu publicala a condición de que fose no estranxeiro e baixo pseudónimo, o que aconteceu en 1741. O autor escandinavo deixou escrito que se trataba dunha «novela filosófica». Forma parte do selecto conxunto de obras que inspiraron as actuais de ciencia ficción e fantasía. Traducida do latín por Alfonso Portela.

Hugin e Munin	Rústica	13,5 × 20 cm	272 páxinas
---------------	---------	--------------	-------------

ISBN: 978-84-945403-8-7
15 €



Premio de Literatura de Islandia 2013
Sjöen
O rapaz que nunca existiu
Reykjavík, 1918. Islandia que acaba de obter a independencia observa con temor a chegada da gripe española. Neste momento, o adolescente Máni Steinn enfróntase aos seus propios problemas: non é fácil ser homosexual nese momento e nese lugar. Porén, invádeo unha enorme enerxía cando descobre o cine e o desexo. A tradución do islandés é de Elías Portela.

Rinoceronte	Rústica	13,5 × 21,5 cm	154 páxinas
-------------	---------	----------------	-------------


ISBN: 978-84-92866-86-1
16,15 €



Victor Hugo
O derradeiro día dun condenado/ Calude Gueux
Nestes dous relatos Victor Hugo fai gala dunha humanidade e comprensión inseparables da súa coherencia e valentía. O seu afán de innovación fai de *O derradeiro día dun condenado* unha novela contemporánea. En palabras de Dostoevski: «É a máis real e a máis atelgada de verdade de todas cantas obras el (Victor Hugo) escribiu».

Laiovento	Rústica	14 × 21 cm	342 páxinas
-----------	---------	------------	-------------

ISBN: 978-84-8487-353-2
14,80 €



Anónimo
O cantar de Ruodlieb
Poema épico escrito no último terzo do século XI. Distanciado claramente da épica latina medieval, foi cualificado como a primeira novela cortés da literatura occidental. Unha amalgama de elementos de xéneros e tradicións diferentes: epopea, espello de cabaleiros, lenda, poema didáctico, saga, e moito máis. Traducido por Maite Jiménez Pérez.

Rinoceronte	Rústica	14 × 22 cm	150 páxinas
-------------	---------	------------	-------------

ISBN: 978-84-92866-87-8
15 €



Geoffrey Willans
Habaixo o colexio!
Nigel Molesworth non será o mellor estudante, pero é quen de expresar os seus sentimentos cara ao seu «amado» colexio. «O único bo do colexio son os RAPAZES que son nobres balentes intrépidos etc. aínda que tamén hai varios chapóns, habusóns, miñaxoias, gordos cebados e pailáns ós que non me queda máis remedio que haturar». Ilustracións de Ronald Searle e tradución de Moisés Barcia.

Sushi	Rústica	13,5 × 20 cm	110 páxinas
-------	---------	--------------	-------------

ISBN: 978-84-16884-00-1
15,20 €

Galicia, terra que inspira

Fundación Repsol e a Refinería na Coruña impulsan a **XI edición do Premio Narrativa Breve**.
Participa antes do 24 de xullo.
Consulta as bases en acoruna.repsol.com e en fundacionrepsol.com

Fundación Repsol, enerxía social.

XUNTA DE GALICIA

Fundación REPSOL / *energía social*



Vanesa Santiago


A vida sinxela de Marcelo Firmamento

Mesturando con habelencia fantasía e realidade, Vanesa Santiago (Fontán, Sada, 1983) relata a vida de Marcelo Firmamento, un rapaz de ollos mariños que un día deixou a vila de Sada rumbo ao Novo Mundo seguindo a pista dun pai que non coñeceu. A autora fai un relato de gozosa naturalidade ambientado nos anos corenta.

Galaxia	Rústica	14 x 21 cm	198 páxinas
---------	---------	------------	-------------

ISBN: 978-84-9151-068-0

15,20 €



José Benito Reza

Terradentro

Nun mundo con luces e sombras que proviñan da memoria da guerra civil e dos fuxidos, daquela aínda ben presentes. O avogado dunha vila próxima á fronteira verase enleado en tres misteriosos asuntos cuxa orixe pretenderá desvelar: a morte violenta dun vello fidalgo no seu casarío; a busca na penechaira espida da fronteira dos «tesouros que deixaron ocultos os mouros en lugares cheos de trampas»; e a inesperada aparición da cadela do alcalde pintada de verde.

Xerais	Rústica
14,5 x 22 cm	376 páxinas

ISBN: 978-84-9121-222-5

18,05 €



Juan Parceró


A fiestra aberta

Relatos con reminiscencias de Joyce, Faulkner, Steinbeck nos que Juan Parceró se enfronta á sordidez agochada tras do cotián. Esa que sen peripecia e sen aventura é posible achar na rúa, no segundo andar, na sala de estar e no propio cuarto onde se fai a lectura.

Toxosoutos	Rústica	15 x 21 cm	158 páxinas
------------	---------	------------	-------------

ISBN: 978-84-946837-3-2

14 €



Laura Rey Pasandín

As mans da terra

Maruxa, unha muller como tantas, trata de sobrevivir nun mundo adverso, ao tempo que vai desentrañando segredos agochados e feridas sen curar, que se irán desvelando a través das páxinas, das conversas coas fillas, coas netas... Unha historia de varias vidas contada a través dunha soa voz coa delicadeza, a sinceridade e a orixinalidade que fan desta novela unha homenaxe ao mundo labrego e sobre todo, ao das mulleres do rural.

Toxosoutos	Rústica	15 x 21 cm	126 páxinas
------------	---------	------------	-------------

ISBN: 978-84-946001-3-5

13 €

Caracois

Xa están de novo dispoñibles os libriños da colección Caracol, de OQO editora. Son contos para entreter, xogar e establecer o diálogo co público máis miúdo.

Cinco relatos breves, relacionados pero independentes, con temáticas moi próximas aos nenos e nenas aos que van dirixidos, que propoñen valores como o descubrimento da amizade, a contemplación da natureza ou a exploración do mundo. Pensados para que os peques se familiaricen coa letra impresa grazas á colaboración dos adultos moito antes de comezaren a ler. Os textos son de Armando Quintero e as ilustracións de André Letria.

OQO Libros de cartón
15 x 17 cm
8,10 € cada título

Estoxo cos cinco títulos Caracois
ISBN: 978-84-9871-062-5
38,48 €

En castelán:
Caja con los cinco títulos Caracoles
ISBN: 978-84-9871-063-2



Caracol e Caracola

Caracol e Caracola viven un paseo cheo de aventuras. A cadela Fifi confúndeos con dous bombóns e o gato Maruxo, cun par de bólas. «Que susto!», coinciden cando saen airosos grazas a axudárense un ao outro.

ISBN: 978-84-96788-78-7

En castelán:
¡Qué susto!
ISBN: 978-84-96788-49-7

ISBN: 978-84-96788-77-0

En castelán:
Caracol y caracola
ISBN: 978-84-967888-48-0



Navega, caracol!

Acababa de chover e o sol escondíase tras unha nube gris. «Bonito día para navegar», concluíu Caracol. Decidido, bota a navegar nunha folia grande por un regato. Pecha os ollos e soña que navega por un río grande ata que o seu particular barco encalla.

ISBN: 978-84-96788-79-4

En castelán:
¡Navega, Caracol!
ISBN: 978-84-96788-50-3

Caracol e formiga

Caracol anda amodiño e formiga faíno moi rápido, o que non lles impide estaren sempre xuntos. Un día deciden irse bañar ao lago, unha excursión coa que coñecerán mellor a natureza e tamén a eles mesmos.

ISBN: 978-84-96788-80-0

En castelán:
Caracol y hormiga
ISBN: 978-84-96788-51-0

Caracol e vermiño

Caracol comía unha folia verde, enorme e saborosa. Vermíño comía outra igual, que resultou ser a mesma. Come por un lado, come polo outro, e de súpeto atopáronse, con cara de poucos amigos; mentres discuten, a pomba come por un lado e come polo outro...

ISBN: 978-84-96788-81-7

En castelán:
Caracol y gusanito
ISBN: 978-84-96788-52-7

Tres novos títulos da serie Cancodriilo

Ediciones Linteo vén de publicar tres novos títulos da colección para peques protagonizada por Cancodriilo, un personaxe con moita curiosidade, observador e tamén divertido. Os textos son sinxelos e desenvolven a acción cunha finalidade didáctica para que quen len ou escoitan aprendan ao tempo a contar, bos hábitos ou a descubrir o seu medio máis inmediato. Están acompañados de ilustracións moi coloristas, de Javier Rey Feijoo e Silvia González Sánchez.

TÍTULOS ANTERIORES:

Cancodriilo vai á escola
ISBN: 978-84-942551-9-9

Cancodriilo na granxa
ISBN: 978-84-944660-3-8

Cancodriilo na horta
ISBN: 978-84-944660-1-4

Cancodriilo pinta
ISBN: 978-84-944660-0-7

Cancodriilo aforra
ISBN: 978-84-944660-2-1

Linteo Cartonado
23,5 x 21 cm 20 páxinas
10,90 € cada título



Xabier López Mateos Cancodriilo disfrázase

Cancodriilo e os seus amigos Ourizopición, Adela e Lara están a pasar unha tarde moi aburrida. De sópeto no faiado cae unha caixa e arrolan polo chan unha manchea de cousas coas que deciden disfrazarse. Ao remate pasan unha tarde moi divertida.

ISBN: 978-84-945800-0-0



Cancodriilo fai un pastel

Cancodriilo está a cocinar un pastel. Unha visita inagardada fará que se despiste e que se lle queime a lambetada, pero os seus amigos van axudar a facer outra e tamén a recoller a cocinela.

ISBN: 978-84-945800-1-7



Cancodriilo en Oleiros

Os pequenos protagonistas destas historias viaxan desta volta ao concello de Oleiros, onde visitarán varias das súas xoias arquitectónicas e lugares de interese. O escenario segue un percorrido moi recomendable para quen non coñezan a zona.

ISBN: 978-84-945800-8-6

Helena Villar Janeiro



Contos do sol e da lúa

Sete contos para ler a soas ou para escoitar en familia. Ilustrados dun xeito sedutor e colorista por Ana Costas, trázanse neles historias solidarias que reivindicán un mundo onde é posible a poesía, a diversidade e a maxia.

Alvarellos Rústica
25 x 21 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-16460-17-5
12 €



Lawrence Schimel

Queres ler un libro comigo?

Un conto escrito por Lawrence Schimel (Nova York, 1971) e ilustrado por Thiago Lopes (San Paulo, 1987) abre a nova colección Verdemar de Alvarellos. Esta obra convida a reflexionar, dun xeito ameno e didáctico, sobre a necesidade de compartir (a lectura dun libro, neste caso) ao tempo que promove o respecto á diversidade.

Alvarellos Rústica 25 x 21 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-16460-18-2
11 €



Olalla González

Un máis

A chegada dun novo irmán ou irmá suscita a curiosidade do coello protagonista. Tenrura, solidariedade, ledicia, emoción –e unha sorpresa final– abrollan nesta historia. Destaca a dicotomía entre as escenas a cor e as monocromas onde se evidencian os soños e os desexos. Ilustrado por Marc Taege.

Kalandraka Cartonado 18,5 x 22,5 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-8464-323-4

En castelán:

Uno más

ISBN: 978-84-8464-322-7

15 €

Tomi Ungerer



Caracol, onde estás?

Tomi Ungerer (Estrasburgo, 1931) válese do recurso da camuflaxe e propón escudriñar nos detalles e nos escenarios que rodean os personaxes para atopar o obxecto agochado. Unha incitación á busca e ao desenvolvemento da agudeza visual a través de ilustracións recoñecibles.

Kalandraka Cartonado
17,5 x 21,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-8464-317-3

En castelán:

Caracol, ¿dónde estás?

ISBN: 978-84-8464-316-6

14 €

Rufus. O morcego que adoraba as cores

Rufus é un morcego. Durante o día, pendura do teito da súa cova e dorme. Polas noites, sae da cova e vai de caza. Unha noite, viu un cinema ao ar libre onde botaban un filme. Era a primeira vez que Rufus vía cores brillantes...

Kalandraka Cartonado
20 x 28 cm 40 páxinas


ISBN: 978-84-8464-315-9

En castelán:

Rufus. El murciélago que adoraba los colores

ISBN: 978-84-8464-314-2

15 €



Xoán Neira

Chafarís

Mestre e poeta cunha importante obra destinada aos máis pequenos, o autor (Meilán-Lugo, 1953) fai un percorrido poético por unha ducia de obxectos e animais, os fantasmas, as estrelas e mesmo o pan para que os nenos se acheguen a eles aprendendo unha maneira diferente de evocalos. Sensible e didáctico, o libro conta con fermosas ilustracións a cor de Anxelos Ferrer.

Embora Cartonado 21,5 x 21,5 cm 26 páxinas

ISBN: 978-84-16456-63-5

14 €



Olga Brañas

Pitusa semifusa e os estilos musicais

A vida está chea de cores e sabores diferentes, mais tamén de estilos musicais moi diversos. Pitusa Semifusa hai días que quere rock and roll, e outros necesita flow para que todo sexa tranquiliño. En dez pezas, Olga Brañas condúcenos polos distintos estilos cun libro-CD didáctico e divertido. Ilustrado por Leandro Lamas.

Galaxia Cartonado 25 × 22 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-9151-066-6
19 €



Papi e Mami

Fantasia coas palabras

Con cada letra do abecedario pódese crear tantas aventuras como se queiran! Fadas, bruxas, xigantes, indios, piratas, unha elefanta rapeira ou unha mamá marciana acompañarannos nesta viaxe de *Fantasia coas palabras*. Unha proposta para aprender o abecedario dunha maneira orixinal e divertida. Con ilustracións de Xosé Tomás.

Galaxia Cartonado 25 × 22 cm 24 páxinas
ISBN: 978-84-9151-058-1
19 €

A Gramola Gominola

Cancións para desafinar

A Gramola Gominola chega con este segundo traballo cheo de cancións para desafinar. Música desenfadada para bailar a ritmo de rock, punk, gospel ou funk. Porque non hai idades nin barreiras para a música, así que... a rockandrollear!

Galaxia Cartonado 25 × 22 cm 26 páxinas
ISBN: 978-84-9151-045-1
19 €

Xosé Antonio Perozo



Onde vai Carlos?

Ana é unha nena amiga de Carlos Casares que vive en Santander e decide vir a Galicia logo de moitos anos de ausencia. Na súa viaxe percorre as cidades e vilas nas que viviu o escritor e grazas aos personaxes creados por el vive unha marabillosa aventura. Con ilustracións de Antonio Seijas.

Auga Cartonado 21 × 21 cm 46 páxinas
ISBN: 978-84-947187-0-0
14,50 €

Telma, Leire y los conejos sabios

A Telma gústalle moito ler. Á súa irmá Leire, non tanto; esta colecciona coellos sabios de peluche. Un día Leire sopra sobre o libro de Telma e todas as palabras e letras saen voando. Quen lle axudará a recuperalas? Ilustracións de Viki Berre. En castelán.

Auga Cartonado 21 × 21 cm 34 páxinas
ISBN: 978-84-945493-1-1
15 €

Miguel, una cabrita y un sueño

Miguel é un neno que mentres coída do rabaño soña con ser poeta en Orihuela. Un soño que devagar se fai realidade nun mundo cheo de dificultades e ilusións, que quedarán reflictidas nos seus versos para a eternidade. Editado para conmemorar o 75 aniversario da morte de Miguel Hernández. En castelán.

Auga Cartonado 21 × 21 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-946716-9-2
14,50 €



Clara López

Os días lebre

Poemas inspirados no cotián e nas lembranzas, nos que a autora (Tui, 1968) xoga coa sonoridade e o significado das palabras, mesmo das letras. As ilustracións oníricas de Marcos Viso (Ourense, 1973) seguen o ritmo dos versos con formas diluídas e tons pastel.

Kalandraka Cartonado 15 × 23,5 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-16721-13-9
En castelán:
Los días liebre
ISBN: 978-84-16721-12-2
14 €




Raquel Castro

Bestiario doméstico

O mundo está cheo de pequenos seres –a formiga, o gato pedrés, o sapoconcho, o can de palleiro, a araña...– que viven de cote fantásticas aventuras. Raquel Castro constrúe un microuniverso con historias dunha ducia de bechos. Ilustrado por Dani Padrón.

Galaxia Rústica 13 × 20 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-9151-064-2
10 €



María Reimóndez

Corredora

Corredora é unha historia colectiva de superación deportiva. Genet Mullugueta naceu nunha aldea de Norte Wolloh en Etiopía. Dende noviña o que máis lle gustaba era correr e correr polo ventre da montaña. Mais a fame, a guerra e a figura do pai obrígana a acompañar a súa nai e a pedir esmola polas rúas inseguras e caóticas de Anais Abeba. Alí coñeceu a Anabe, un médico e voluntario da federación de atletismo que, sorprendido coa súa resistencia e velocidade, lle propón adestrar en Meskel Quere e a súa vida mudará. A novela recolle a tradición atlética de Etiopía na busca activa de talentos entre as crianzas do rural ou empobrecidas nas cidades.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-9121-218-8
12,15 €



Suso De Toro

Conta saldada

Catuxa fala co fantasma do seu pai despois de que fora probablemente asasinado por un cliente que se dedicaba ao narcotráfico. O fantasma encárgalle que lle entregue a Xermán, que lle di que é o seu medio irmán e do que Catuxa nada sabía, unha importante cantidade de cartos se colabora con ela na descuberta do autor do crime. A historia de fantasmas inicial dá paso á acción e a unha intriga trepidante. Os sentimentos dos protagonistas mudarán ás portas da idade adulta, feito que os levará a descubrir, como no Hamlet de Shakespeare, que quizais ningún dos dous é como pensaba ser e que deben tomar decisións.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-9121-240-9
12,15 €



Eva Mejuto

22 segundos

22 segundos relata, en primeira persoa, anacos da infancia e adolescencia dun mozo transexual que, dende os primeiros anos sabe –sen poñerlle etiquetas– que a súa identidade de xénero non coincide co sexo que lle asignaron ao nacer. Un vídeo que tarda 22 segundos en subir á rede valle servir de catapulta para deixar de vivir en exclusiva de portas para dentro. Unha obra que busca dar visibilidade, dende a empatía, a un colectivo de persoas silenciadas e denigradas que loita por que as leis e a sociedade deixen de consideralas enfermas.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-9121-239-3
12,15 €



Jorge Emilio Bóveda

O monstro de Ille

Novela de Jorge Emilio Bóveda sobre un tempo escuro no que meigas, demos, feitosos e Inquisición convivían con normalidade nun universo complexo. Conta a historia de tres mulleres ás que a historia e a ignorancia van pasar por enriba, esnaquizándoas. Tamén é a historia dun instante en que a Fe e a Ciencia chocan violentamente. Un crebacabezas cheo de intensidade, de violencia e de agochos misteriosos.

Galaxia Rústica 13,5 × 20,5 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-9151-046-8
12,50 €




Marilar Aleixandre

Alí Babá, Morxiana e os corenta usureiros

Era unha vez o xefe dunha banda de corenta ladróns. E un home bo que se chamaba Alí Babá. E unha cova chea de tesouros que abría cando alguén dicía: «Abrete, Sésamol!» Todos coñecemos a historia. Mais, o que non sabíamos é que a verdadeira protagonista é Morxiana, unha muller afouta que lle vai dar a volta ao mundo, e á historia tradicional, e vai salvar a súa familia e a vila toda.

Galaxia Rústica 13 × 21 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-9151-053-6
8,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 10 €



Xosé María Lema

Costa do solpor. O regreso da Illa do Tesouro

Aventuras ambientadas no século XVIII na Coruña e na costa galega, que empeza onde remata *A Illa do Tesouro*. Un tradutor recibe un manuscrito no que un descoñecido escritor narra o regreso ao porto de Bristol da goleta *Hispaniola*, cargada cun fabuloso tesouro. Tal viaxe non fora tan breve como a describira Stevenson, pois unha violenta tormenta obrigou o navío a buscar refuxio na Costa do Solpor, onde sufriu unha abordaxe.

Xerais Rústica 13 × 21 cm 440 páxinas
ISBN: 978-84-9121-219-5
15,68 €

Xulio L. Valcárcel



Memoria dos días, formas da leividade. Poesía reunida (1979-2017)

«Hai ríos que levan moita auga pero, pola presenza silente, parece como se non tivesen movemento». Luciano Rodríguez, responsable da edición deste libro, describe así na introdución ao texto o percorrer do conxunto da obra poética de Xulio L. Valcárcel, ata o de agora formada por sete libros publicados e que nesta *Memoria dos días* se ve engordada con dous títulos novos: *Límites* (2015) e *Outono de espellos* (2017). Traducida ao español, catalán, inglés, italiano, alemán, ruso e francés a poesía de Xulio L. Valcárcel constitúe a día de hoxe unha das creacións máis sólidas, enriquecedoras e esixentes da literatura galega.

Medulia Rústica
16 x 22,5 cm 554 páxinas
ISBN: 978-84-943783-4-8
20,90 €

Cesáreo Sánchez Iglesias



Tempo transfigurado

Cesáreo Sánchez Iglesias emprende unha viaxe arredor da música. Os 70 poemas deste libro están inspirados nas melodías doutros tantos compositores, de moi diversas cronoloxías e estilos, dende Schubert e Vivaldi ata Bob Dylan e Patti Smith, pasando por Marcial del Adalid e Andrés Gaos. Evoca tamén a pegada das persoas que amou e que o amaron, facendo destas páxinas un crisol de sentimentos e de sensacións pasadas. O poeta déixase levar por un camiño interior lírico, mentres repara na soidade, a aceptación das orfandades emocionais e fai un exercicio profundo e rigoroso de introspección.

Faktoria K Rústica
14,5 x 21 cm 102 páxinas
ISBN: 978-84-16721-11-5
12 €

Na súa colección Libros do Sarela, Alvarellos publica os poemarios cos que Xosé Otero Canto e María Xosé Lamas obtiveron o primeiro e segundo premio do certame literario Concello de Vilalba na súa edición número 42 (2016).

Alvarellos Rústica
14 x 21 cm




Xosé Otero Canto Telúrica

Un berro que sae do profundo, unha forza que se revira contra nós e que participa da terra. Como herdeiro da mellor tradición poética da comarca luguesa da Terra Chá, Otero Canto penetra como «o lume nas entrañas» na terra convertida en «corpo sacratísimo dos nosos», máis tamén «sementada de luz» e «bébeda de auga». Segundo os editores, nestes poemas a riqueza léxica actúa cun brío fortificado ante o bastión inexpugnable do Telúrico. Con ilustracións de José María Lugilde.

58 páxinas
ISBN: 978-84-16460-22-9
9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 10 €



María Xosé Lamas

Sonetos preposicionais

Amor, desamor, a paisaxe, o tempo, sentimentos recreados en trinta e cinco composicións construídas baixo a aparente sinxeleza do soneto. «Soneto do desacougo», «Soneto dende un Boeing 747»... María Xosé Lamas mergúllase na utopía e poetiza a vida, o día a día, e os desvelos.

44 páxinas
ISBN: 978-84-16460-23-6
9 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 10 €



Olalla Cociña Lozano



Vestir a noite

«A palabra normal. Cotiá, escollida pero cotiá, convértese en símbolo sen chamar a atención, sen alporizamento, coma se non lle dese traballo facelo, coma se todo se acadase case «instintivamente». A maior dificultade da poesía de Cociña reside aí, paréceme a min, nesta aparencia de facilidade. Aí a súa maxia, esa naturalidade chea de artificio, que non é senón saber facer e saber lingua, como imos ver, pois neste libro hai un mundo inseparable dunha lingua». Luz Pichel, da contracapá.

PEN Galicia Cartonado
12 x 20,5 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-697-2882-6
15 €



Manuel Xestoso As ruínas de Europa

A dicir dos editores, «a poesía de Manuel Xestoso percorre a partitura tenebrosa e estrañamente leda dun destino que se nega a si mesmo. As ruínas de Europa trazan a paisaxe poética dun tempo que escapa á súa orde para perseguir a posibilidade dunha duración absoluta. Polifonía de ocrs, obxectos carbonizados e imaxes sen sombra coas que resistir os estragos da Historia».

Galaxia Rústica
12 x 22 cm 86 páxinas
ISBN: 978-84-9151-060-4
10 €



José Ángel Valente Cántigas de Alén

Esta obra contén o ciclo completo de *Cántigas de alén*, incluíndo por primeira vez o poema «Na mar de Vigo» e a dedicatoria aos emigrantes de A Nosa Galiza de Xenebra no poema «Sub nocte». Trátase dunha recompilación que engade catorce poemas aos sete publicados en Edicións do Castro e reúne toda a obra poética en galego de José Ángel Valente, en edición ao coidado de Claudio Rodríguez Fer, director da cátedra Valente da Universidade de Santiago.

Ouvirmos Rústica
13 x 20 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-944008-8-9
17,10 €

30 Anos de Chévere



Río Bravo e *Annus horribilis* estrean a Biblioteca de teatro de Kalandraka. Con estes textos a editora pretende documentar un teatro «feito a pé de escenario» e poñer a disposición do público as obras completas desta compañía para poder seguir gozando do seu talento cando se pecha o pano.

Kalandraka Rústica
16 x 22,5 c m
Traballo de encadernado con cosido de factura manual



Chévere Annus horribilis e outros musicais

Estreada en 1994, é unha pequena ópera portátil integramente cantada en galego. Traslada a Galicia as tribulacións da familia real británica para escenificar intrigas cortesás, romances illexítimos e loitas entre dúas liñas dinásticas enfrontadas: os Tamara versus os Cunters. Canda o libreto de *Annus horribilis* este volume inclúe textos de *Ultranoite no país dos anos* (2014) e escolmas das cancións de *Big Bang* (1992), *Órbita mutante* (1997), *Ana Pudor* (1999, 2002) e *O electricista da catedral*.

160 páxinas
ISBN: 978-84-8464-321-0
13 €

Chévere

Río Bravo

Estreada en Santiago en 1990, a presente edición baséase nunha versión posterior do espectáculo, do ano 2002. É unha comedia para todos os públicos, disparatada e festiva.

96 páxinas
ISBN: 978-84-8464-320-3
12 €

Centenario das Irmandades da Fala

Xosé Ramón Pena (Ed.)

Tempo das Irmandades. Antoloxía de poesía

«Lectura atenta dos esforzos precedentes; afán de coherencia; representatividade dos textos escollidos e, en fin, aceptación do azar _príncipe de toda escolma». Velá os criterios fundamentais que guiaron a Xosé Ramón Pena para levar adiante esta selección, organizada arredor de catro eixos: Representantes da dirección tradicionalista (Noriega Varela e Crecente Vega); «Estética nacional» (Ramón Cabanillas Gonzalo López e Victoriano Taibo); «Vangarda enxebre» (Luís Amado Carballo, Euxenio Montes, Manuel Luís Acuña, Eduardo Blanco Amor e Xosé Otero Espasandín), e «Vangarda rupturista» (Manuel Antonio, Cunqueiro e Federico García Lorca). Completan a selección Blanco Torres e Fermín Bouza Brey.

Real Academia Galega Rústica
13 x 20 cm 254 páxinas

ISBN: 978-84-87987-98-4
12 €



Ramón Nicolás (Ed.)

Irmandades da Fala: narrativa. Antoloxía

Introdución, edición e notas de Ramón Nicolás que escolleu textos de Euxenio Carré Aldao (*Contos da forxa*); Vicente Risco (*Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros*); Gonzalo López Abente (*O deputado por Beiramar*); Antón Losada Diéguez (*Queixumes, Home viaxeiro. Conto sinxelo*); Castelao (*Un ollo de vidro*); Euxenio Montes (*O vello mariñeiro toma o sol*); Ramón Cabanillas (*O sol... o vento*); Manoel Antonio (*O que o solpor calaba, As irremediábeis melancolías*); Xoán Vidal (*O serón*); Nicolás García Pereira (*A costureira*); Francisca Herrera Garrido (*A i-alma de Mingos*); Otero Pedrayo (*Pantelas, home libre*); Fermín Bouza Brey (*Cabalgadas en Salnés*) e Luis Amado Carballo (*Os pobres de Deus*).

Real Academia Galega Rústica
13 x 20 cm 320 páxinas

ISBN: 978-84-946005-5-5
12 €



Xosé Luís Axeitos

Manuel Antonio. Unha vida en rebeldía

Manuel Antonio embarcou en 1926 no Constantino Can-deira para navegar a vela os douscentos días de mar preceptivos na procura dun medio de vida. E desembarcou ao ano seguinte, sen traballo pero consagrado como poeta. O título desta biografía quere ser metáfora dun camiño de risco -a rebeldía- para ir na procura da maior liberdade posible: Manuel Antonio elixe unha opción política minoritaria -o nacionalismo das Irmandades- cando a tradición familiar lle podería reservar un lugar de privilexio nas ringleiras dos poderosos partidos «turnantes».

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-9121-188-4
18,05 €




Manuel Ferreiro

Eduardo Pondal, o cantor do eido noso

Monografía centrada en Eduardo Pondal e a súa obra que vén de publicarse no ano en que se celebra o centenario da morte do autor do Himno Galego. O volume reúne catro estudos sobre Eduardo Pondal e a súa obra elaborados ao longo dos últimos 25 anos e agora revisados (1991, 2003, 2008 e 2014, sucesivamente). Estas páxinas de investigación, estudo e reflexión son acompañadas por apéndices que recollen unha escolma de cartas escritas ou recibidas polo Bardo bergantiñán e mais unha entrevista-reportaxe xornalística de 1912 realizada ao poeta por La Voz de Galicia.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-8487-360-0
18,91 €



María Xesús Lama

Rosalía de Castro. Cantos de independencia e liberdade (1837-1863)

Primeiro volume da biografía de Rosalía que narra as súas orixes familiares e os anos de mocidade. Unha pescuda con rigor, admiración e obxectividade non exenta de paixón, na vida da poeta en Galicia e Madrid nun tempo de ideais e aprendizaxe que na segunda metade do século XIX decide intentar vivir da pluma. A autora aproveita as últimas investigacións filolóxicas e históricas para afondar nas viraxes inesperadas que obrigan a poeta a regresar a Compostela coa carga dunhas responsabilidades familiares que lle fan reconsiderar a orientación da súa vida.

Galaxia Rústica 15 x 22 cm 380 páxinas

ISBN: 978-84-9151-040-6
23,27 €



Calros Solla

Ao saimento de nós.

Retrincos da intrahistoria de Cerdedo IV

«Liquidado o concello de Cerdedo e integrada as súas freguesías num novo ente artificial que o caciquismo inventou como um remendo de curto percorrido com o que tentar fazer ver que fazem algo para evitar o que eles mesmos provocaram, quicá seja o tempo de voltar a reivindicar com força a milenar Terra de Montes em toda a sua amplitude e com todas as suas paróquias. Percorrê-la saltando as linhas arbitrárias de concelhos e províncias, contribuir para estreitar laços de novo e manter viva a identidade do berce do Padre Sarmiento, de Manuela de Barro, de Avelino Cachafeiro, de Chano Pinheiro e de tantos e tantas labregas, canteiros, artistas, agraristas, sindicalistas e intelectuais que pularam pelo bem do País e a justiça social». Anjo Torres.

Morgante Rústica
14 x 23 cm 370 páxinas

ISBN: 978-84-15166-67-2
19 €



Laura Rodríguez Salgado e Iria Vázquez Silva (eds.)

Muller inmigrante, lingua e sociedade

Libro de autoría colectiva que pretende contribuir aos estudos sociolingüísticos da inmigración e de xénero reunindo distintas especialistas, ao tempo que mobilizar cara a un debate sobre a integración social, lingüística e cultural das mulleres que viñeron de fóra. O estudo das traxectorias migratorias das mulleres deriva na constatación das desigualdades que singularizan o feito de ser inmigrante, traballadora e muller.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 244 páxinas

ISBN: 978-84-9151-056-7
17,10 €




Agustín Fernández Paz

Un mundo de palabras

